Esta Concellería, tendo en conta o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

Subsanar o erro detectado na redacción parágrafo terceiro da parte resolutiva do Decreto nº 18011097 do 28/12/2018, quedando dito Decreto redatado do seguinte xeito:

Visto que polo Decreto número 17010969, de 15 de decembro de 2017, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a oito prazas de Administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (seis prazas incluídas na OPE 2015 e dúas prazas incluídas na OPE 2016), que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 17/714 da Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 22.11.2017, como polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polos acordos do citado órgano número 12/809, do 22 de decembro de 2010, e o acordo número 12/742, do 15 de outubro de 2014, e publicadas integramente no BOP de Lugo número 256, do 7.11.2014.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 017, de 22 de xaneiro de 2018.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 57, de 21 de marzo de 2018 e anuncio no “Boletín Oficial del Estado” núm 104, de 30 de abril de 2018.

Polo Decreto número 18006252 do 19/07/2018, resolveuse aprobar a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os (con indicación do motivo de exclusión) do devandito proceso selectivo, o cal foi publicado no BOP de Lugo nº 182 do 9 de agosto de 2018.

Visto que con data do 24 de agosto de 2018 rematou o prazo de presentación de enmendas no mencionado proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei

7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 17010969, de 15 de decembro de 2017, para o acceso en propiedade a oito prazas de Administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (seis prazas incluídas na OPE 2015 e dúas prazas incluídas na OPE 2016), que a continuación se indica:

**ADMITIDOS:**

APELIDOS E NOME	DNI
ARIAS ARIAS JOSE LUIS	*023X
CANCELAS DOMÍNGUEZ NOELIA	*441S
CARBALLAL RIFÓN ROSA MARÍA	*967X
LONGARELA CEIDE MARÍA ISABEL	*860Q
LONGARELA CEIDE MARÍA JESÚS	*384Q
MARTÍNEZ DABLANCA ANA ISABEL	*829P
MENÉNDEZ LÓPEZ MARÍA DEL CARMEN	*518Z
OTERO PRADO VANESA	*576H
PARDO FERNÁNDEZ MANUEL	*476Q
POMBO GALLEGO IVÁN	*006Z
RICO MÉNDEZ MARIA ANGELES	*690S
RODRIGUEZ ALVAREDO NATALIA	*392G
RODRÍGUEZ GARCÍA MARÍA ELENA	*509G
SANTIAGO VÁZQUEZ JULIA	*897X
TORRÓN FOLGUEIRA BLAS	*278F

**EXCLUÍDOS:**

Ninguén.

**Segundo.-** Facer público que, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 7 de novembro de 2018, adoptou, entre outros o acordó 9/630 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ESTE CONCELLO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 8 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (6 PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2015 E 2 PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2016), o cal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: Marta López Peña, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo, Suplente: Ana Isabel Sáez Mancebo, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo

**Vogais:**

1.- María Isabel Varela López, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo

Suplente: Rosa Rodríguez Rodríguez, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo

2.- María Concepción González López, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo

Suplente: Carolina Álvarez López, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo

3.- Norman Javier Veiga Álvarez, funcionario de carreira, A2, Concello de Lugo

Suplente: Amparo Rubinos Hermida, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo

**Secretario:** Justo Díaz Rodríguez, funcionario de carreira, A1, Concello de Lugo

Suplente: María García Ferro, funcionaria A1 Habilitación Nacional, Vicesecretaria do Concello de Lugo

**Terceiro.-** Fixar a data, hora e lugar de celebración das reunións do tribunal cualificador do seguinte:

- Constitución do Tribunal e baremación da fase de concurso: O martes 12 de febreiro de 2019, ás 9 horas no local do Tribunal Económico Administrativo, sito na planta baixa da Casa consistorial do Concello de Lugo.

- Realización do primeiro exercicio: O mércores 13 de febreiro de 2019, as 12 horas no Centro de Convivencia Uxio Novoneyra, sito na rúa Quiroga Ballesteros, s/n.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

**Cuarto.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Lugo, 11 de xaneiro de 2019.

R. 0087

## MONDOÑEDO

### Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 28 de setembro de 2018, de aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas, non presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público, dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma:

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

#### Artigo 1º.- Fundamento e réxime.

De conformidade co disposto no artigo 15.2 da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais e en uso das facultades concedidas polos artigos 85,88e 89 da citada lei en orde á fixación da cota de gravame do imposto sobre Actividades Económicas, establécese esta ordenanza fiscal, redactada conforme ao disposto no nº 2 do artigo 16 da repetida Lei.

#### Artigo 2º.- Cota mínima municipal e coeficiente de ponderación por cifra de negocio.

As cotas mínimas fixadas nas tarifas en vigor que foron aprobadas por Real Decreto Lexislativo do Goberno, serán incrementadas mediante a aplicación sobre as mesmas do coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

#### Artigo 3º.- Coeficiente de situación física.

1. As cotas das citadas tarifas incrementadas pola aplicación do coeficiente fixado no artigo anterior, serán ponderadas conforme á categoría da rúa mediante a aplicación da seguinte escala de coeficientes:

CATEGORÍA FISCAL DA RÚA	1ª	2ª
COEFICIENTE APLICABLE	1,1852713	1,0852713

2. As cotas fixadas nas tarifas aprobadas polo Goberno, virán determinadas, en definitiva, polo produto do importe de ditas cotas polo coeficiente fixado no artigo 2º, e multiplicado a súa vez dito produto polo coeficiente correspondente á categoría da rúa onde se ubique o establecemento. No suposto de dar o establecemento a dúas rúas, o coeficiente aplicable será o correspondente á rúa que teña asignado o maior índice.

#### Artigo 4º.- Categoría fiscal nas rúas

Clasificación das rúas desta localidade a efectos da súa categoría fiscal para a asignación dos coeficientes a que se refire o artigo anterior.

Categoría 1ª: Rúas integradas dentro do casco histórico.

Categoría 2ª: Resto de rúas e vías do municipio.

#### **Artigo 5º.- Bonificacións**

Establécese unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto para aqueles inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación ou mantemento de emprego.

#### **Disposición final**

Unha vez se efectúe a publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Mondoñedo, 8 de xaneiro de 2019.- A Alcaldesa, Mª Elena Candia López.

R. 0088

#### *Anuncio*

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 28 de setembro de 2018, de aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación privativa de locais municipais, non presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público, dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma:

#### **ORDENANZA FISCAL N.º 16, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACION PRIVATIVA DE LOCAIS MUNICIPAIS.**

##### **Art. 1.º. Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por lo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acórdase a imposición e ordenación da taxa por utilización privativa de locais pertencentes ao dominio público local e de postos no mercado municipal de abastos.

##### **Art. 2.º. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa –baixo o réxime de autorización ou licencia demanial- de locais de titularidade municipal pertencentes ao dominio público local para o desenvolvemento de una actividade económica de mercado.

Considérase actividade económica de mercado toda actividade comercial ou profesional consistente na prestación de servizos ou subministración a cambio de unha retribución económica.

Non estará suxeita á presente ordenanza a utilización privativa do dominio público local para a realización de actividades económicas por duración inferior a un mes, que se autoricen por mor dunha festividade ou evento cultural ou social determinado.

Dentro do feito imponible se entenderá incluída, en todo caso, a ocupación das instalacións e bens destinados ó servizo de mercado municipal, con independencia da natureza do título habilitante para a súa ocupación.

##### **Art. 3.º. Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que utilicen os bens e instalacións.

##### **Art. 4.º. Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**Art. 5.º. Cota tributaria.****CATEGORÍA I - Locais municipais**

Locais con acceso directo dende a vía pública: .....3,5 €/mes/m<sup>2</sup>

Locais sen acceso directo dende a vía pública: .....2,5 €/mes/m<sup>2</sup>.

**CATEGORÍA II - Establecementos na vía pública**

Quioscos.....50,00 €/mes.

**CATEGORÍA III - Mercado municipal**

Grupo A). Carnicería, chacinarias e similares:

Postos nº 1, 2 e 3.....94,41 €/mes.

Grupo B). Pescaderías, conxelados e mariscos:

Postos nº 1, e 2.....62,94 €/mes.

Grupo C) .Froiterías.:

Postos nº 1 e 2 .....62,94 € /mes.

Grupo D). Postos dispoñibles sen uso preferente nin predeterminado:

Locais comerciais nº 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 .....100,00 €/mes.

Local libre nº 1: (antiga inspección veterinaria).....39,00 €/mes.

**Art. 6.º. Actividades artesanais.**

A cota tributaria establecida na Categoría I reducirase nun 80% no suposto de que os locais de titularidade municipal sexan destinados ao seu uso como talleres de artesanía, nos termos expresados no artigo 2.3 da Lei 1/1992, de artesanía de Galicia.

O solicitante deberá ter a condición de artesán ou mestre artesán.

A condición de artesán ou mestre artesán acreditarase mediante a posición da carta prevista na Lei 1/1992, de artesanía de Galicia.

**Art. 7.º. Devengo.**

A obriga de contribuír nace desde que teña lugar a correspondente concesión de local. Os dereitos de ocupación abonaranse mensualmente, polos concesionarios.

**Art. 8.º. Actualización de cotas.**

As cotas anteriormente sinaladas serán obxecto de actualización periódica anual de acordo coa evolución do índice de prezos ó consumo.

**Art. 9.º. Infraccións e sancións.**

Nesta materia estarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Os dereitos devengados non aboados, ademais de ser esixidos por vía de constrinximento, poderán levar a revogación da autorización de uso do local ou posto e incluso a clausura do mesmo, coa perda de tódolos dereitos que poida ter o titular.

**DISPOSICION DERROGATORIA**

Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de postos do mercado de abastos, aprobada en pleno de 25 de novembro de 2016, publicada definitivamente no B.O.P. nº 058 de 11/03/2017.

Mondoñedo, 8 de xaneiro de 2019.- A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Elena Candia López.

R. 0089

**Anuncio**

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 28 de setembro de 2018, de aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, non presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público, dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma:

**ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.****Artigo 1º- FEITO IMPOÑIBLE**

1.- O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, teñan ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

2.- As construcións, instalacións ou obras ás que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- a) As obras de construción de edificación e instalacións de todas as clases de planta.
- b) As obras de ampliación ou reforma de edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- c) As de modificación ou reforma que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- d) As de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións de todas as clases.
- e) As obras que modifiquen a disposición interior dos edificios, calquera que sexa o seu uso.
- f) As obras que teñan que realizarse con carácter provisional no caso en que estén xustificadas, que deberán derrubarse cando o acorde o Concello, sen dereito a indemnización, de acordo co establecido na regulación urbanística.
- g) As obras de instalación de servizos públicos.
- h) Os movementos de terra, tales como desmonte, aplanamento, escavación e terraplanado, salvo que tales actos estean detallados e programados como obras a efectuar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado e autorizado.
- i) A demolición das construcións, salvo nos casos declarados de ruína inminente.
- j) As instalacións subterráneas adicadas a aparcadoiros, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- k) A colocación de carteis de propaganda visibles desde a vía pública.
- l) E, en xeral, calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística segundo o previsto na lexislación vixente, plans, normas ou ordenanzas.

**Artigo 2º.- SUXEITOS PASIVOS**

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2.- No caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizado polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realicen as construcións, instalacións ou obras.

**Artigo 3º.- EXENCIONES**

Están exentas deste imposto as construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitas a este, vaian a ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a xestión a leven a cabo Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

**Artigo 4º.- BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO**

1.- A base imponible deste imposto, está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, o custo de execución material desta.

2.- A cota do imposto é a resultante de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame é o 3,00 %.

4.- O imposto devéngase no momento de iniciar a instalación, construción ou obra aínda que non se obtivera a licenza urbanística ou non fora presentada comunicación previa ou declaración responsable.

**Artigo 5.- XESTIÓN**

1.- 1.- Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación polo imposto, determinándose a base imponible en función do presuposto declarado polo interesado, e a ingresala, en calquera entidade colaboradora autorizada, ao solicitar a licenza preceptiva ou coa presentación da comunicación previa ou declaración responsable, sen que o pago realizado leve consigo ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereitos a favor daqueles.

2.- O pago da autoliquidación presentada será a conta da liquidación provisional e, no seu caso, da liquidación definitiva que se practique unha vez terminadas as construcións, instalacións ou obras.

3.- Cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra, e houbese incrementado do seu presuposto, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o declarado.

4.- Unha vez terminadas as construcións, instalacións ou obras, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria do tributo no caso de que o custo real e efectivo da obra sexa superior ao declarado. A autoliquidación presentarse e ingresarse xunto coa solicitude da licenza de primeira utilización ou ocupación.

5.- Á vista da documentación aportada, ou de calquera outra relativa ás construcións, instalacións ou obras, e das efectivamente realizadas, así como do seu custo real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a cantidade que resulte.

6.- No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule renuncia expresa á licenza ou exista declaración de caducidade.

**Artigo 6º.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN**

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

**Artigo 7º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias como tamén a determinación das sancións que por estas correspondan no seu caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e a desenvolvan.

**Artigo 8º.- BONIFICACIÓNS**

Bonificación do 95% da cota íntegra do imposto para aqueles inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais histórico artístico ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación ou mantemento de emprego

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do primeiro día do mes seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor mentres non se modifique ou derroge expresamente.

**DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

A presente Ordenanza Fiscal derroga calquera outra anterior sobre a materia, existente neste Concello, desde o momento de efectiva aplicación da presente Ordenanza.

Mondoñedo, 8 de xaneiro de 2019.- A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Elena Candia López.

R. 0090

**Anuncio**

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 28 de setembro de 2018, de aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles, non



presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público, dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma:

### **ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.**

**Artigo 1º.** - Obxecto.

O Imposto sobre Bens inmobles esixírase neste Concello de conformidade co disposto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicándose sobre ditas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria que se regulan nos artigos seguintes da presente Ordenanza fiscal.

**Artigo 2º.** - Tipos de gravame.

1. O tipo de gravame aplicable os bens inmobles urbanos queda fixado no 0,50 por cento.
2. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de carácter rústico queda fixado no 0,65 por cento.
3. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de características especiais queda fixado no 1,3 por cento.

**Artigo 3º.**- Recargo aplicable ós inmobles desocupados con carácter permanente.

Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, por cumprir as condicións que se determinen regulamentariamente, o Concello esixirá un recargo de un 50% na cota líquida do imposto. Dito recargo, que se esixirá ós suxeitos pasivos de este tributo e ó que resultarán de aplicación as disposicións reguladoras do mesmo, devengarase o 31 de decembro fe liquidarase anualmente polo Concello, unha vez constatada a desocupación do inmovible, xuntamente co acto administrativo polo que esta se declare.

**Artigo 4º.** - Exención por criterios de eficiencia e economía.

O abeiro do disposto no artigo 62.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha exención a favor dos bens inmobles urbanos e rústicos nos que a cota tributaria líquida non exceda de tres euros.

**Artigo 5º.** - Bonificación para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria.

Terán dereito a unha bonificación do 90 por cento sobre o cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación abranguerá desde o período impositivo seguinte ó correspondente ó inicio das obras e ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, sen que, en ningún caso, a bonificación poida aplicarse a máis de tres períodos impositivos.

**Artigo 6º.**-Bonificación para vivendas de promoción pública.

Establécese unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto para as vivendas de promoción pública, unha vez transcorrido o prazo de disfrute da bonificación prevista no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, durante un prazo máximo de tres períodos impositivos. Dita bonificación concederase a petición do interesado, e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

**Artigo 7º.**- Bonificación para terreos comprendidos dentro de núcleos rurais.

Establécese unha bonificación do 20% na cota íntegra do imposto correspondente aos bens inmobles ubicados dentro do núcleos rurais delimitados polo planeamento urbanístico municipal, ao abeiro do establecido no artigo 74.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**Artigo 8º.**- Réxime de declaración e ingreso.

1. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.
2. O período impositivo coincide co ano natural.
3. Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ou comunicación ó Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto no período impositivo inmediatamente posterior o momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación de valor catastral dos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

**Artigo 9º.**- Bonificacións para inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais histórico artístico ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Bonificación do 95% da cota íntegra do imposto para aqueles inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais histórico artístico ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación ou mantemento de emprego.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Coa finalidade de facilitar o pago das cotas tributarias resultantes do proceso de regularización catastral, a Administración reconecerá o dereito ao fraccionamento do pago das mesmas, sen necesidade de presentación de garantía, nas seguintes condicións:

- O importe da cota a regularizar deberá ser superior aos 300 euros.
- O importe de cada pago fraccionado non poderá ser inferior aos 300 euros, salvo a correspondente á última anualidade.
- Será requisito para o fraccionamento a domiciliación bancaria do pago do imposto.

#### **DISPOSICION FINAL**

A presente Ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel no que se produza a publicación da aprobación definitiva.

Mondoñedo, 8 de xaneiro de 2019.- A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Elena Candia López.

R. 0091

---

## **PORTOMARÍN**

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente por o Pleno da Corporación o Orzamento Xeral para o Exercicio económico de 2.019, o plantel de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no art. 169.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e disposicións concordantes, expónse o público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o seguinte o da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Portomarín, 11 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 0092